(Selo da Corporación)

(Sinatura do Presidente)

Folio N.º..... 115

Serie A N.º 1177975

SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 23 - XUÑO - 2006

ORDE DO DIA

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

2.- TOMA DE POSESIÓN DE DONA. MARIA ALBINA REBOREDO SURIS, COMO CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE.

3.- DESIGNACIÓN MEMBROS DO PATRONATO DO CONSERVATORIO MUNICIPAL DE REDONDELA.

Na Casa do Concello de Redondela, sendo as nove horas do día vintetrés de xuño de dous mil seis, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. XAIME REI BARREIRO e a asistencia dos/as Sres./as Concelleiros/as: D. EDUARDO JOSÉ REGUERA OCAMPO, D. EMILIO GONZÁLEZ IGLESIAS, Dª. LAURA LAGO ALLER, Dª. MÓNICA CARREIRA COUÑAGO, Dª. MARIA ALBINA REBOREDO SURIS, D. CARLOS GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, D. MANUEL IGLESIAS CARRERA, Dª. FRANCISCA CANAL GÓMEZ, , D. ANTÓN DÍAZ MOURELLE, , Dª. Mª DEL CARMEN AMOEDO DASILVA, D. JAIME DARRIBA VILAS, D. XOSÉ CARLOS PAZOS DOCAMPO, Dª. CECILIA PÉREZ ORXE, Dª. PURIFICACIÓN SERRANO CAVIEDES, D. ALEJANDRO BASTOS FERNÁNDEZ, Dª. HERMINDA QUELLE FERNÁNDEZ, e D. MANUEL PÉREZ PARDO, tamén asistiu o Sr. Interventor Xeral do Concello D. MODESTO SOLLA SANZ, actuando como Secretaria a Secretaria Xeral da Corporación DONA. ANA BEGOÑA MERINO GIL, constitúese o Pleno do Concello, en sesión extraordinaria, conforme á convocatoria e de acordo coa Orde do Día.

Non asiste, excusando a súa ausencia, D. JUAN TIZÓN CABALEIRO, D. FERMÍN ALFAYA PAZ, e D. RODOLFO PATO GARCIA.

INCIDENCIAS.-

Con carácter previo no tratamento dos asuntos incluídos na Orde do Día, a Corporación garda un minuto de silencio en lembranza das víctimas da violencia de xénero.-

A Presidencia declara aberta a sesión, en primeira convocatoria, procedéndose a trata-los puntos da Orde do Día.-

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-

Non se formulan observacións, e o Pleno do Concello, en votación ordinaria e por unanimidade dos/as seus membros presentes, sendo dezasete votos a favor (7 do PSdeG-PSOE, 4 do PP, 3 do BNG, 2 de RA e 1 de EU-IU), acorda prestar aprobación ó acta da sesión celebrada con carácter extraordinario o día 8 de xuño de 2006.-

2.- TOMA DE POSESIÓN DE DONA. MARIA ALBINA REBOREDO SURIS, COMO CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE.-

O Concello Pleno, en sesión de data 8 de xuño de 2006, tomou coñecemento da renuncia da concelleira do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, Dona. Maria del Carmen Rodríguez Cunha.

Remitida credencial pola Junta Electoral Central, a favor de DONA. MARIA ALBINA REBOREDO SURIS, como seguinte na lista de candidatos presentada polo PSdeG-PSOE ás eleccións locais de 25 de maio de 2003.

Persoada a Sra. Reboredo Surís no Salón de Plenos e acreditada a súa personalidade.

Comprobado que ten formuladas as declaracións ás que se refire o artigo 75.5 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, segundo a redacción dada ó mesmo pola Lei 9/1991, do 22 de marzo, pola interesada de acordo coa fórmula prevista polo Real Decreto 707/79, de 5 de abril, en concordancia co artigo 108.6 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral, procede a dar lectura ó seguinte texto: "Prometo pola miña conciencia e honor cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleira do Concello de Redondela, con lealtade a El Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Na súa consecuencia, DONA. MARIA ALBINA REBOREDO SURIS, ante o Concello Pleno, toma posesión do cargo de Concelleira polo Grupo Político do PSdeG-PSOE, pasando de seguido a ocupar o seu escano entre os membros da Corporación.-

3.- <u>DESIGNACIÓN MEMBROS DO PATRONATO DO CONSERVATORIO MUNICIPAL DE REDONDELA</u>.-

Pola Presidencia deíxase o presente asunto da Orde do Día, SOBRE A MESA, dado que a elección de representante dos alumnos, non se efectuou correctamente.-

E, non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia dase por rematada a presente sesión, sendo as nove horas e cinco minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que, se extende a presente acta, que se inscribiu no Libro dende o folio núm. 115 do Papel Timbrado da Comunidade Autónoma de Galicia, Serie A nº 1177975 ata a volta do folio núm. 115, Serie A nº 1177975, de todo o que, como Secretaria, DOU FE.-

O ALCALDE

XAIME REI BARREIRO

A SECRETARIA XERAL

ANA BEGOÑA MERINO GIL

<u>SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 29 - XUÑO - 2006</u>

<u>ORDE DO DIA</u>

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

2.- DAR CONTA DE EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO.

3.- DESIGNACIÓN DE MEMBROS DO PATRONATO DO CONSERVATORIO MUNICIPAL DE REDONDELA.

4.- ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO DE REDONDELA PARA O EXERCICIO DO ANO 2006.

5.- CORRECCIÓN DE ERRORES NO DOCUMENTO DAS NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO DE ÁMBITO MUNICIPAL DE REDONDELA.